

Novos avances por un consumo responsable e sostible

EROSKI INCORPORA ENVASES 100 % RECICLADOS E RECICLABLES NAS SÚAS SECCIÓN DE BOLERÍA

- **Todos os produtos de bolería que se envasan nas tendas preséntanse neste novo modelo de recipiente máis sostible**
- **Esta iniciativa súmase a outras melloras introducidas nos recipientes para a carne e o peixe tamén envasados en tenda e que conteñen un 80 % de PET reciclado**
- **O obxectivo de EROSKI é reducir para o 2025 polo menos nun 20 % as toneladas de plástico convencional dun só uso que utiliza actualmente**

Elorrio, 15 de outubro do 2019.- [EROSKI](#) progresa no desenvolvemento dos seus 10 Compromisos pola Saúde e Sostibilidade, que teñen como propósito facilitarlles aos seus consumidores unha vida máis saudable e sostible, e incorporou en consecuencia novos envases nos produtos de bolería que se envasan nas tendas que se poden reciclar e proceden de materiais reciclados que potencian un modelo de economía circular. A cooperativa substituíu os antigos recipientes por envases fabricados con 100% PET reciclado e reciclable. Ademais, EROSKI tamén substituíu as bandexas de plástico de carne e peixe envasado nas tendas por outras que conteñen un 80% de PET reciclado.

“Traballamos para que os nosos produtos e tendas sexan cada vez máis sustentables. Este cambio favorece un modelo de economía circular, xa que o plástico das botellas de auga que se recicla úsase como materia prima nas nosas bandexas de bolería. Estas pódense volver reciclar tamén se se depositan no colector amarelo para se usaren como materia prima noutros produtos. A substitución destas bandexas de envasado en tenda de bolería permitirá evitar o consumo de 250 toneladas de plástico virxe ao ano”, explica o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martinez Berriochoa.

Esta nova iniciativa únese a outras melloras que EROSKI continúa a desenvolver baixo criterios ambientais nos seus envases de produtos de marca propia, sobre todo nas embalaxes e bandexas utilizadas para o envasado en tenda, priorizando aquelas de alimentación e frescos. Na sección de froitería aumentou o número de referencias vendidas por xunto, que superan xa o 60% do total e substituíu o plástico nas bandexas dalgunhas froitas e verduras da marca propia EROSKI Natur por papel co selo FSC®, que garante que procede de fontes responsables. Estas accións realizadas na sección de froitería van supoñer un aforro de máis de 46 toneladas de plástico ao ano.

Outras medidas para reducir o uso do plástico

EROSKI
Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE
JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

O traballo de EROSKI sitúao como un dos líderes do sector na redución do impacto ambiental do plástico. O seu obxectivo é alcanzar para o 2025 unha redución de polo menos o 20% das toneladas de plástico convencional dun só uso dos seus envases.

Para iso, e como parte da súa estratexia para loitar contra a contaminación por plásticos, EROSKI mantén o compromiso de ecodeseñar o 100% dos seus envases para o 2025 co fin de que sexan 100% reciclables, eliminar o sobreenvasado e potenciar o uso de materiais reciclados e de orixe renovable. Para acadar este propósito, EROSKI puxo en marcha diversas medidas amais das devanditas en bandexas e envases de froitería. Entre elas cómpre salientar as accións para potenciar a reutilización entre os seus clientes. Así, permítelle ao cliente o uso dos seus propios envases reutilizables, como friameiras ou táperes, nas seccións de carnicería e peixería. Ademais, hai uns meses, a cooperativa incorporou unha nova bolsa de malla reutilizable como alternativa á bolsa de plástico dun só uso para a compra de froita e verdura por xunto. Estas novas bolsas de malla son lavables, o que facilita a súa reutilización como mínimo ata en 20 ocasións.

Ademais, a comezos do 2019 implantou unha gama ampla de solucións sustentables para substituír a bolsa de compra de plástico convencional. Introduciu, por exemplo, unha nova bolsa de papel co selo FSC® mixto (Forest Stewardship Council), certificación que acredita que a fibra do papel provén de bosques certificados ben xestionados ou de material reciclado, e que é 100% reciclable; outra bolsa compostable, fabricada con materiais renovables de orixe vexetal, e que se pode reutilizar como bolsa de lixo para a fracción orgánica; e tamén unha bolsa reutilizable de plástico, 100% reciclable e que ten como materia prima plástico reciclado polo menos nun 55%. Xunto a estas novas solucións máis sustentables, EROSKI segue a manter a alternativa de uso da súa bolsa reutilizable, que está fabricada cun 70% de material reciclado, e a súa bolsa solidaria reutilizable de tea, que é moi doada de encartar para levar no peto, bolso ou no compartimento do coche, e os seus beneficios dedícanse integramente a causas solidarias.

Compromiso co medio ambiente

A cooperativa é unha compañía fortemente comprometida co respecto ao medio natural e para iso desenvolve diversas iniciativas que teñen como obxectivo minimizar o impacto da súa actividade no contorno no que opera. O uso sostible dos recursos, a redución da súa pegada ambiental, a xestión de residuos seguindo un modelo de economía circular, a preservación da biodiversidade... son imperativos ineludibles que EROSKI recolle nos seus renovados [Compromisos en Saúde e Sustentabilidade](#), que presentou o pasado ano e nos que tamén se enmarca o ecodeseño dos seus envases e embalaxes.